

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 15 de NOVEMBRO de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día quince de novembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1267).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 31 de outubro e extraordinarias e urxentes do 6 e 7 de novembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1268).- DAR CONTA DE SETENZAS E AUTOS.**

Dáse conta das Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica, que son os seguintes:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 160/2013 p.a. Demandante: D. JOSÉ ARCOS RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 09.05.2013. Expte.: Reclamación patrimonial, filtración de auga no soto, Avda. Florida nº 10. Desestimado o recurso.
- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 193/2013 p.a. Demandante: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> PILAR CABIDO RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 16.04.2013. Reclamación patrimonial caída na vía pública peonil . Desestimado o recurso.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 202/2013 P.A. Demandante: FÉNIX DIRECTO SEGUROS Y REASEGUROS S.A. Obxecto: Resolución do 20.5.2013. Reclamación patrimonial, accidente de moto o 21-6-2010. Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 197/2013 P.A. Demandante: D. JUAN JOSÉ VÁZQUEZ GESTAL. Obxecto: Resolución do 16.5.2013, sanción tráfico, n.i.c. (Expte.: 138629311) Desestimado o recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 225/2012 P.O. Demandante: "PLANIN, S.L. Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 15/03/2012. Expte.: Liquidación do ICIO, bonificación por especial interese ou utilidade. 2223/550, 949/500 (en relación co 53798/421). Desestimado o recurso.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 223/2013 p.a. Demandante: D. IVÁN RODRÍGUEZ VÁZQUEZ. Obxecto: Resolución do 30 xuño 2013 (en reposición). Sanción tráfico (Expte.: 128650054). Estimado o recurso.
- g) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 166/2013 p.a. Demandante: "CESA CONSULTORÍA EMPRESARIAL, S.L." Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 19.04.2013. Liquidación do IIVTNU, determinación da base imponible. Expediente: 3264/550. Desestimado o recurso.
- h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 200/2013 P.A. Demandante: CALVIÑO SPORT S.L. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial, accidente vehículo 12.9.2012. Estimado o recurso.
- i) Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 4<sup>a</sup> no rec.APELACIÓN nº 15032/2013 interposto polo CONCELLO DE VIGO contra Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 338/2012 P.O. Demandante: "URBANISMO VIGO S.A." Obxecto: Resolución do T.E.A do Concello de Vigo do 16.7.2012, ICIO, liquidación. Rexeitada a apelación.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 75/2013. Demandante: UNIVERSIDADE DE VIGO. Obxecto: Resolución do T.E-A do Concello de Vigo do 24.1.2013. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(1269).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 238.258,10 € A FAVOR DE CLECE S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR- SETEMBRO 2013. EXPTE. 88534/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 11.10.13, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 238.258,10 euros, a favor de CLECE, S.A. (CIF: A-80364243), pola prestación dos servizos de axuda no fogar (SAD) durante o mes de setembro de 2013.

SEGUNDO.- Imputar o gasto de 238.258,10 euros a partida orzamentaria 2310.2279901 "Prestación de servizos de axuda no fogar" ou a súa bolsa de vinculación.

**4(1270).- PROPOSTA PARA INCORPORAR A UAD-CEDRO Ó PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DE UNIDADE DOCENTE MULTIPROFESIONAL DE SAÚDE MENTAL. EXPTE. 2030/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de CEDRO, do 6.11.13, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar, como Administración titular da Unidade Asistencial de Drogodependencias (n.º rexistro: C-36-000142) do centro CEDRO, a súa incorporación ao procedemento de acreditación de Unidade Docente Multiprofesional (UDM) de Saúde Mental, en calidade de dispositivo docente asociado á Unidade Docente de Psiquiatría e Psicoloxía Clínica do CHU de Vigo, para a colaboración e participación no sistema de formación sanitaria especializada para as especialidades de psiquiatría, psicoloxía clínica e enfermaría en SM.

SEGUNDO.- Subscribir un acordo de colaboración co Servizo Galego de Saúde, como entidade titular da Unidade Docente á que se adscribe a Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO, nos termos indicados na proposta da Xefatura do

servizo de CEDRO, na que se especifican os obxectivos docentes, a capacidade docente do dispositivo e os recursos docentes que se achegarán.

TERCEIRO.- Cubrir o correspondente formulario específico de acreditación doutros dispositivos da UDM de Saúde Mental

CUARTO.- Declarar que da incorporación a este proceso de acreditación e da subscripción do mencionado acordo de colaboración entre as partes, non se derivará para o Concello de Vigo relación contractual ningunha ou obriga doutra natureza cara aos beneficiarios da actividade docente, nin gasto financeiro asociado de ningún tipo, limitándose o consentimento municipal de xeito exclusivo á colaboración necesaria por parte da Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO para a impartición de formación regulada aos residentes das especialidades mencionadas no punto primeiro e adscritos á UDM de Saúde Mental.“

**5(1271).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 57.370,92 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APOIO Á UAD-CEDRO- SETEMBRO 2013. EXPTE. 2020/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.11.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Servizos Económicos, do 30.10.13, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de setembro de 2013.

SEGUNDO.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros a partida orzamentaria 3133.2279901 “Servicio Metadona”ou bolsa de vinculación.

**6(1272).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓNS E DEMOLICIÓNS XERADOS POLO TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1799/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 11.11.13, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 7.11.13, conformado pola técnica de Administración Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.. o procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller do Servizo

de Vías e Obras (expte. 1799-440) cunha baixa única do 15% sobre todos os prezos unitarios que figuran no cadro de prezos do anexo do prego de prescricións técnicas particulares e un prezo total do contrato IVE Incluído de 160.000 euros.”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**7(1273).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS NO AUDITORIO MUNICIPAL NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2013. EXPTE. 14410/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 11.11.13, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 31.10.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal, que di o seguinte:

*O concelleiro-delegado da área de Cultura, Festas e Museos, resolveu con data 31 de outubro de 2013 que polo servizo de Cultura e Bibliotecas se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2013, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42.*

*Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.*

*A programación que se presenta no segundo semestre do ano 2013 consta dun total de dezaseis espectáculos, divididos en programación dirixida a público adulto (a realizar os venres) e programación dirixida a público familiar (a realizar os domingos).*

*O custo total da programación, incluíndo cachés das compañías, produción, material gráfico publicitario do programa, dereitos de autor e servizo de venda de entradas, é de 51.532,77 € que se divide en:*

*Cachés: 35.724,57 €  
Material gráfico: 2.650,44 €  
Produción: 9.271,63 €  
Dereitos de autor: 1.777,49 €  
Servizo de venda de entradas: 2.108,64 €*

*Para calcular o prezo por espectador de cada función, ao caché de cada espectáculo habería que engadirlle os dereitos de autor derivados da exhibición do mesmo. Por outro lado a suma dos costes de produción, venda de entradas e material gráfico (costes comúns), dividido entre as dezaseis funcións que compoñen o programa.*

*Coste total de produción, venda de entradas e material gráfico: 14.030,71 € / 16 espectáculos = 876,92 € por espectáculo de gastos comúns.*

Así pois o coste por espectador calculado en base á ocupación total das localidades (285 butacas) é o seguinte:

DÍA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉ	DEREITOS DE AUTOR	GASTOS COMÚNS	COSTE/ ESPECTADOR	PREZO PROPOSTO
01/11/13	Sexpeare	Sexpearemente	2.178,00 €	131,89 €	876,92 €	11,18 €	7,00 €
03/11/13	La Canica	El gallo de las veletas	1.494,00 €	131,89 €	876,92 €	8,78 €	5,00 e 3,00 €
08/11/13	Jane Joyd	Jane Joyd en concerto	1.306,80 €	98,01 €	876,92 €	8,01 €	7,00 €
10/11/13	Pep Bou	Clinc!	4.658,50 €	131,89 €	876,92 €	19,88 €	5,00 e 3,00 €
15/11/13	Mimaia	Adiós Bienvenida	2.571,25 €	0,00 €	876,92 €	12,10 €	7,00 €
17/11/13	Factoría Norte	Nora	2.178,00 €	131,89 €	876,92 €	11,18 €	5,00 e 3,00 €
22/11/13	Abrapalabra Creacións Escénicas	Decamerón, historias para tempos críticos	1.573,00 €	112,53 €	876,92 €	8,99 €	7,00 €
24/11/13	Elefante Elegante	Aurora	1.110,00 €	0,00 €	876,92 €	6,97 €	5,00 e 3,00 €
29/11/13	Fulano, Mengano e Citano	Top Manta	1.620,00 €	131,89 €	876,92 €	9,22 €	7,00 €
01/12/13	Teatro Gorakada	La vuelta al mundo	2.541,00 €	131,89 €	876,92 €	12,45 €	5,00 e 3,00 €
06/12/13	Riobó	Riobó en concerto	3.388,00 €	254,10 €	876,92 €	15,86 €	7,00 €
08/12/13	Eme2 emoción & arte	O príncipe e o parrulo	1.191,00 €	112,53 €	876,92 €	7,65 €	5,00 e 3,00 €
13/12/13	RTA-TALÍA	Gaivotas subterráneas	2.154,00 €	131,89 €	876,92 €	11,10 €	7,00 €
15/12/13	Baobab	O soldadiño de chumbo	1.726,02 €	145,20 €	876,92 €	9,64 €	5,00 e 3,00 €
20/12/13	El Espejo Negro	El fantástico viaje de Jonás el espermatozoide	4.235,00 €	131,89 €	876,92 €	18,40 €	7,00 €
22/12/13	Pedro Volta	Ilusionante	1.800,00 €	0,00 €	876,92 €	9,39 €	5,00 e 3,00 €

Ningún dos prezos propostos superan o custo calculado en base á ocupación total das localidades nas medias calculadas, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web [www.servinova.com](http://www.servinova.com) , despacho de billetes da central de espectáculos e no mesmo despacho de billetes do Auditorio municipal desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2013, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

Espectáculos programados para público adultos (venres ás 21 horas): 7 €

Espectáculos programados para público familiar (domingos ás 18 horas): 5 € adultos e 3 € os menores de 12 anos.

Asemade se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web [www.servinova.com](http://www.servinova.com), no despacho de billetes da Central de Espectáculos e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **8(1274).- BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2013-14”. EXPTE. 5274/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 6.11.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as Bases de participación, que de seguido se transcriben, correspondentes ao concurso 'Vente cos Reis Magos' 2013-14 e que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenos/as para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2014.

#### BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2013-14”

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2014. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e unha do Carteiro Real.

2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2001 e o 31 de decembro de 2005, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da Lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por nena/o, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.

4. As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 2 de decembro e finalizará ás 20:00 horas do día 17 de decembro de 2012.

5. O sorteo realizarase o día 23 de decembro de 2012, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.

6. No sorteo, ademais dos nenas e nenos seleccionadas/os, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.

7. Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos agraciados no sorteo deberán, tras a comunicación da Concellaría de Cultura e Festas, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou titoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.

8. O Concello de Vigo ofreceralles ás nenas e aos nenos seleccionados un disface, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.

9. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.

10. O concelleiro de Festas queda facultado para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

### 9(1275).- RELACIÓN DE XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Visto o informe do interventor xeral, de data 8.11.13, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201300045941	9120.6890000	805,26	805,26	17/07/13	03/10/13	17/10/13	----	---
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	201300044970	9220.2260300	6.000,00	5.997,64	10/07/13	21/10/13	10/10/13	2,36	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300044965	2311.4800000	3.000,00	3.000,00	10/07/13	14/10/13	10/10/13	----	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300045724	9221.2302000	206,69	206,69	11/07/13	24/10/13	11/10/13	----	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300045725	9221.2312000	360,00	285,65	11/07/13	24/10/13	11/10/13	74,35	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300045726	9221.1620001	74,00	74,00	11/07/13	24/10/13	11/10/13	----	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300050048	9220.2219902	500,00	487,80	05/08/13	02/10/13	05/11/13	12,20	---



ESPADA RE CAREY LUIS	201300051287	1693.2310000	500,00	----	12/08/13	16/10/13	12/11/13	500,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201300051288	1693.2300000	500,00	----	12/08/13	16/10/13	12/11/13	500,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201300056358	1693.2279900	17.999,00	15.917,11	09/09/13	01/10/13	09/12/13	2.081,89	---
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300061899	1694.2330000	800,00	800,00	26/09/13	04/10/13	26/12/13	----	---
MAGDALENA VILA Mª JESÚS	201300039536	9310.2269900	100,00	----	12/06/13	30/09/13	12/09/13	100,00	---
OTERO LAMAS FRANCISCO	201300048228	3133.4800000	4.000,00	1.645,92	30/07/13	30/09/13	30/10/13	2.354,08	---
QUINTELA RODRÍGUEZ JOSÉ Mª	201300039538	2310.4800000	70.000,00	70.000,00	14/06/13	25/09/13	14/09/13	----	---
QUINTELA RODRÍGUEZ JOSÉ Mª	201300040109	2310.4810000	160.313,20	160.313,20	14/06/13	25/09/13	14/09/13	----	---
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	201300038321	9220.2260300	6.000,00	5.983,21	06/06/13	07/10/13	06/09/13	16,79	---
TOTAL			271.158,15	265.516,48				5.641,67	

**10(1276).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 9.680 € A FAVOR DE RDO COMUNICACIÓN CULTURAL POLO DESENVOLVEMENTO E DINAMIZACIÓN DA EXPOSICIÓN “NO PRINCIPIO FOI VERSO: ROSALÍA DE CASTRO”. EXPTE. 15470/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.11.13, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 25.10.13, conformado polo concelleiro de Educación e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa Rdo COMUNICACIÓN CULTURAL, CIF (B-15564354), por importe de 9.680.-€ (NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA) EUROS, polo *desenvolvemento e dinamización da programación didáctica da exposición “No principio foi o verso: Rosalía de Castro” que albergou a Fundación Pedro Barrié de la Maza, dende o 15/05/2013 ate o 15/09/2013, con cargo á partida presupuestaria 3210 227 99 09 (Programas Educativos) e bolsa de vinculación do vixente presuposto municipal.”*

**11(1277).- REVISIÓN ORDINARIA DO CONTRATO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES E PASOS INTERIORES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 14966/444.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 14.10.13, conformado polo xefe dos Servizos Enerxéticos e polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 02.10.2013 a empresa ImesAPI, empresa adxudicataria do contrato de "mantemento integral das instalacións electromecánicas de túneles e pasos inferiores da cidade de Vigo", presenta no rexistro do Concello solicitude de revisión ordinaria do contrato en función da actualización do I.P.C. entre a data 1 de xuño de 2012 e o 1 de xuño de 2013.

O devandito contrato foi adxudicado a ImesAPI, S.A. pola Xunta de Goberno Local na sesión do 2 de maio de 2011 e cun prazo de duración de dous ( 2 ) anos prorrogable por un período da mesma duración, de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescripcions técnicas aprobados previamente pola Xunta de Goberno Local.

O contrato foi asinado o 27 de maio de 2011 entre o Concello de Vigo e a devandita empresa e establécese que o contrato comezará o 1 de xuño de 2011 rematando o 31 de maio de 2013, polo tanto a revisión ordinaria do contrato comezará o 1 de xuño de cada ano.

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 20 de maio de 2013 aprobou a prórroga do devandito contrato por un prazo de dous anos, ata o 31.05.2015 e un importe anual antes da revisión de 479.348,03 € ( IVE engadido) ou ben 396.155,40 € ( sen IVE).

A posibilidade de revisión ordinaria de prezos do contrato aparece na cláusula 3.2. "Revisión de prezos " e no apartado 9 das FEC do Prego de Condicións Administrativas particulares (PCA) que rexiu a contratación.

A empresa ImesAPI, mediante escrito presentado no Concello con data 25.10.2011 renunciou a actualización - revisión do prezo do contrato correspondente ao ano 2012, polo que o incremento do IPC a ter en conta para a actual revisión será o experimentado entre o 30.05.2012 ao 30.05.2013, que segundo o INE e de 1,7%.

Polo anteriormente exposto, e dado que non se tramitou ningunha revisión ordinaria dende de 2011, entendemos que procede a 1ª revisión ordinaria do contrato a partires do 30.05.2012 ata o 30.05.2013, cun incremento do IPC nese período do 1,7, de tal xeito que o novo prezo do contrato despois da revisión ordinaria a partires do 1 de xuño de 2013, quedaría fixado tal como se detalla a continuación:

O prezo actual anual do contrato ascende a ..... 396.155,40 € /ano (sen IVE).

A variación do IPC entre maio 2012 a maio 2013 =1,7 %.

De acordo co apartado 9.2 das FEC do PCA a dito IPC deberá aplicárselle o índice de redución do 85%.

$396.155,40 \times (1,7\% \times 0,85) = \dots\dots\dots 5.704,64 \text{ € /ano (sen IVE)}$

Prezo do contrato coa revisión ordinaria: ..... 401.860,04 € /ano (sen IVE)

IVE: 21%:..... 84.390,61 € /ano

Prezo total coa revisión ordinaria ..... 486.250,65 € /ano (con IVE)

O incremento da revisión ordinaria anual supón un incremento mensual de: 475,39 € /mes (sen IVE).

ATRASOS da revisión ordinaria :

Atendendo á data de inicio do contrato e a cláusula 3.2. do PAC e o apartado 9 das FEC do PAC que o regula, cumpre recoñecer a ImesAPI os atrasos pendentes de facturar e correspondentes a cada mes dende xuño 2013, data de inicio do contrato.

Importe de atrasos dende 01.06.2013: 5.704,64 € /ano /12 meses= 475,39 € /mes (sen IVE ), o que supón 575,22 € /mes ( con IVE).

A partida presupostaria que da cobertura a este gasto é a 1650.227.9902 ( mantemento de túneles).

Previamente a someter o expediente á consideración da Xunta de Goberno Local deberá ser fiscalizado pola Intervención Xeral municipal.

Á vista do prego de cláusulas administrativas particulares que regulan este contrato respecto á revisión ordinaria do mesmo e dos documentos que obran no expediente, este Servizo de Enerxía faille á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

- 1º.- Aprobación a renuncia a revisión ordinaria do contrato de "Mantemento integral das instalacións electromecánicas de túneles e pasos inferiores da cidade de Vigo", correspondente a 2012 presentada pola empresa adxudicataria do contrato ImesAPI e que figura no expediente.
- 2º.- Aprobación a revisión ordinaria do contrato de "Mantemento integral das instalacións electromecánicas de túneles e pasos inferiores da cidade de Vigo" por un importe anual de 5.704,64 € /ano (sen IVE) o que supón 6.902,61 € / ano ( con IVE ).
- 3º.- Aprobación o prezo total anual do contrato de "Mantemento integral das instalacións electromecánicas de túneles e pasos inferiores da cidade de Vigo" despois da 1ª revisión ordinaria por un importe total anual de 401.860,04 € /ano (sen IVE) que supón 486.250,65 € /ano (con IVE).
- 4º.- Aprobación o importe dos atrasos derivados da 1ª revisión ordinaria do contrato por un importe de 475,39 €/mes (sen IVE ), o que supón 575,22 €/mes ( con IVE ) , dende o 1 de xuño de 2013.

A presente resolución comunícase ao servizo de Contratación e ao contratista interesado aos efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1278).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO PROXECTO RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO (ENTRE ALAMEDA SUÁREZ LLANOS E RÚA CAMILO VEIGA). EXPTE. 2152/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 11.11.13, conformado polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Quedar enterada da tramitación do seguinte expediente "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Tomás Alonso (entre a Alameda Suárez Llanos e a Rúa Camilo Veiga", cos datos requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2339443.

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A38849495.

Orzamento de execución material: 1.113.448,98 €

Orzamento de contrata: 1.348.804,29 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 6 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e o Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: E1d, G6c.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: VILAR MONTORO INGENIERIA

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM Gestión de Seguridad en construcción.

**13(1279).- PROPOSTA PARA ENCARGAR Á EMPRESA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA, AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO “DOSIFICACIÓN DE REACTIVOS NA ETAP DO CASAL”. EXPTE. 2109/440.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 16.10.13, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

*A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.*

*Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.*

*Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 14 de outubro de 2013 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 15 de outubro de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Dosificación de reactivos na ETAP do Casal”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1280).- REVISIÓN DO PREZO DO ANO 2013 DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8316/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.11.13, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e

Consumo, do 7.11.13, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude, que di o seguinte:

I.- En data do 29/08/2013 (doc. 130099601), a entidade Cruz Roja Española achegou escrito solicitando a revisión do prezo do contrato do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areas do Concello de Vigo para este ano 2013.

II.- O artigo 89 e ss. do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector público regula, con carácter xeral, a revisión de prezos nos contratos das Administracións públicas e determina no apartado 3 do citado artigo que "o prego de cláusulas administrativas particulares ou o contrato deberán detallar, no seu caso, a fórmula ou sistema de revisión aplicable".

III.- O contrato do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areas do Concello de Vigo nos anos 2012 e 2013 foi adxudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2012 e formalizouse en documento administrativo en data do 20 de xuño de 2012, día no que se iniciou a prestación.

O prezo de adxudicación do contrato foi de 441.580,76 euros (IVA do 18% incluído) para os anos 2012 e 2013.

O prezo sen IVE para os anos 2012 e 2013 foi de 374.220,98 euros o que representa un prezo anual sen IVE de 187.110,49 € e un prezo día sen IVE de 2.011,94 euros (93 días de prestación do servizo ao ano).

IV.- Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexen o contrato:

a) O prazo de execución do contrato e dos anos 2012 e 2013.

b) Os prazos parciais de execución serán entre o 15 de xuño e o 15 de setembro de cada ano.

c) Prevé a posibilidade de dúas prórrogas para os anos 2014 e 2015, que se aprobarán ano a ano.

d) O apartado J) das follas de características do contrato do PCAP establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

"Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade".

V.- Aplicado o anteriormente exposto ao contrato que nos ocupa resultaría a seguinte revisión do prezo:

A data de formalización do contrato foi o 20 de xuño de 2012, polo que a revisión do prezo procedería a partir do 21 (incluído) de xuño de 2013.

O IPC a aplicar para proceder a revisión será o de maio de 2012 a maio de 2013, xa que os datos do IPC refírense ao último día do mes, e que segundo datos do INE foi de 1,7 % (cálculo segundo páxina web do INE), sendo o 85% do dito incremento o de 1,445 %.

O prezo actualizado a pagar para este ano 2013 pola prestación do servizo será:

- Total días de prestación do servizo ano 2013, do 15 de xuño ao 15 de setembro: 93 días.

- *Periodo 15 a 20 de xuño (6 días) x 2.011,94 euros/día sen IVE = 12.071,64 EUROS.*
- *Periodo 21 de xuño a 15 de setembro (87 días) x 2.011,94 euros/día x 1,01445 = 177.568,09 euros*

*Total prezo ano 2013 sen IVA: 189.639,73 euros.*

*Importe IVA 21%: 39.824,34 euros.*

*Total prezo revisado ano 2013, IVA engadido: 229.464,07 euros.*

*VI.- O anteriormente exposto, trasladouse á entidade adxudicataria do contrato que presentou escrito de conformidade coa dita revisión en data do 27/09/2013 (doc. 130110886).*

*VII.- A entidade adxudicataria prestou os servizos contratados durante este ano 2013, do 15 de xuño ao 15 de setembro, a satisfacción da administración municipal abonándolle un importe total de 226.403,68 euros co pagamento de catro facturas que se tramitaron con número de expedientes 9632/306, 9633/306, 9691/306, 9692/306.*

*O prezo revisado para o ano 2013 é de 229.464,07 euros (IVE engadido) e o prezo abonado no presente ano foi de 226.403,68 euros, polo que procedería abonar un importe de 3.060,39 euros en concepto de atrasos pola revisión de prezo do contrato correspondente ao ano 2013.*

*O pagamento do prezo revisado será con cargo á partida 1721.227.0100 "Vixiancia de Praias" e a súa bolsa de vinculación, sen que a utilización da bolsa de vinculación repercuta no normal funcionamento do servizo habida conta que as accións previstas con cargo as partidas da dita bolsa foron executadas.*

*VIII.- O órgano competente para aprobar a revisión do prezo do contrato e a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, trato informe favorable da Intervención xeral, a adopción do seguinte ACORDO*

*PRIMEIRO.- Aprobar o prezo revisado do contrato de salvamento e socorrismo en determinados areas do Concello de Vigo, adxudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2012 e formalizado en documento administrativo en data do 20 de xuño de 2012, para este ano 2013 nun importe de 229.464,07 euros (IVE do 21% engadido), de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo.*

*SEGUNDO.- Autorizar o pagamento de 3.060,39 euros (IVE 21% engadido) en concepto de atrasos pola revisión de prezo do contrato correspondente ao ano 2013 con cargo á partida 1721.227.0100 "Vixiancia de Praias" e a súa bolsa de vinculación, sen que a utilización da bolsa de vinculación repercuta no normal funcionamento do servizo habida conta que as accións previstas con cargo as partidas da dita bolsa foron executadas.*

*TERCEIRO.- Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción contencioso-administrativa, contra o dito acordo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.*

*No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo daquela os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1281).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 1703/334.**

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de setembro e outubro de 2013, que son os seguintes:

Expediente	1685-334. Obradoiros didácticos para escolares para dar a coñecer o traballo dun tiriteiro e obradoiro de sombras chinesas para público en xeral
Decreto concelleira	data 16 de setembro de 2013
Informe Intervención	RC 60100
Adxudicatario	Tanxarina, S.L.
Importe	6.542,00 euros

Expediente	1686-334. Obradoiros didácticos para escolares vigueses de primaria
Decreto concelleira	data 16 de setembro de 2013
Informe Intervención	RC 60101
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	4.400,00 euros

Expediente	1687-334. Obradoiros OPS! (o portugués simple)
Decreto concelleira	data 16 de setembro de 2013
Informe Intervención	RC 60102
Adxudicatario	Ciranda Compostela, S.C.
Importe	1.400,00 euros

Expediente	1688-334. Actividades de dinamización da lingua galega nos centros de ensino para o primeiro trimestre
Decreto concelleira	data 23 de setembro de 2013
Informe Intervención	RC 62508
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	9.000,00 euros

Expediente	1689-334. Mes da Ciencia en galego
Decreto concelleira	data 23 de setembro de 2013
Informe Intervención	RC 62507
Adxudicatario	Marcelo Rodríguez Acosta/faia educación ambiental
Importe	11.000,00 euros

Expediente	1690-334. Actividades de dinamización da lingua galega nas asociacións veciñais
Decreto concelleira	data 23 de setembro de 2013
Informe Intervención	RC 62509
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	12.000,00 euros

Expediente	1691-334. Actividades de contadas de historias para a poboación escolar
Decreto concelleira	data 23 de setembro de 2013
Informe Intervención	RC 62511
Adxudicatario	Miguel Angel Alonso Diz
Importe	1.800,00 euros

Expediente	1692-334. Actividades de contos e cantos do Barbo Abelardo para escolares de 0 a 3 anos e panxoliñas
Decreto concelleira	data 23 de setembro de 2013
Informe Intervención	RC 62510
Adxudicatario	Servando Barreiro Fernández
Importe	3.267,00 euros

Expediente	1695-334. Actividade dinamizadora da lingua galega “Gústame o galego de primeira”
Decreto concelleira	data 17 de outubro de 2013
Informe Intervención	RC 69589
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	12.000,00 euros

Expediente	1696-334. Actividades do CIOV Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo
Decreto concelleira	data 17 de outubro de 2013
Informe Intervención	RC 69590
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	8.000,00 euros



Expediente	1697-334. Libros e outras publicacións
Decreto concelleira	data 21 de outubro de 2013
Informe Intervención	RC 74152
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	600,00 euros

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **16(1282).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO, ENTRE A ALAMEDA SUÁREZ LLANOS E RÚA CAMILO VEIGA”. EXPTE. 2476/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 12.11.13, que di o seguinte:

*Obra: “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO, ENTRE A ALAMEDA SUÁREZ LLANOS E RÚA CAMILO VEIGA”. Expte. 2339/443.*

*Localidade e situación: RÚA TOMÁS ALONSO.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. LUIS V. VILAR MONTORO.*

### **ANTECEDENTES**

*A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 29 de outubro de 2013 aprobou o PROXECTO DE OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO, ENTRE A ALAMEDA SUÁREZ LLANOS E RÚA CAMILO VEIGA”, cun orzamento de base de licitación de 1.348.804,29 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.*

*Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “AQUALIA FCC UTE VIGO, SA.”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(1283).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA ““RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO, ENTRE A ALAMEDA SUÁREZ LLANOS E RÚA CAMILO VEIGA”. EXPTE. 2475/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 12.11.13, que di o seguinte:

*Obra: “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO, ENTRE A ALAMEDA SUÁREZ LLANOS E A RÚA CAMILO VEIGA”. Expte. 2339/443.*

*Localidade e situación: RÚA TOMÁS ALONSO.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. LUÍS V. VILAR MONTORO.*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.*

*Contratista titular do plan: AQUALIA FCC UTE VIGO, SA.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUÍS V. VILAR MONTORO.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOSÉ LUIS CIVIDANES MATOS.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO.*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: FCC-AQUALIA UTE VIGO*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO, ENTRE A ALAMEDA SUÁREZ LLANOS E A RÚA CAMILO VEIGA”.*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA FCC UTE VIGO, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

#### Acordo

A Xunta de Local de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(1284).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO Á FUNCIONARIA DA POLICÍA LOCAL Nº 294019. EXPTE. 39345/212.**

Visto o informe-proposta do intendente-xefe en funcións, do 24.10.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ordenar a incoación de expediente disciplinario á funcionaria de carreira do concello de Vigo, con posto de traballo de Policía Local, carné profesional nº 294019 a efectos de determinar a posible comisión de dúas faltas moi graves tipificadas no art. 79 da Lei 4/2007, apartados i),d), en base aos seguintes feitos:

A) Adquisición o 12 agosto de 2013 da motocicleta Suzuki Burgman 650 Suzuki , matrícula 4433 CKV, depositada no recinto da Avd. Madrid, utilizando no seu proveito o coñecemento da situación da motocicleta (depositada dende o 25/11/12 con devengo diario das correspondientes taxas) , adquirido por razón do cargo.

B) Alterar, o 13 de agosto de 2013, a folla de entrega da súa motocicleta Suzuki Burgman 650 Suzuki , matrícula 4433 CKV cuberta pola oficina añadiendo " Sin cargo accidente, por oficina Policía Local", sin estar autorizada para iso, para, seguidamente ordenar a entrega da mesma e eludir así, o pago das taxas devengadas polo traslado e depósito, que segundo a empresa concesionaria SETEX APARKI, S.A., ascende á cantidade de 1.492,20 €.

Polas citadas faltas, de conformidade coa Lei 4/2007, poderanse impoñer as sancións de separación do servizo ou suspensión de funcións por máis dun ano e ata tres anos.

2º.- Nomear instrutor do procedemento ao Intendente da Policía Local D. Alberto Carballo Acuña e secretario ao Inspector Principal D. Alberto Freire Estévez.

3º.- Notificar o presente Acordo ao instrutor, secretario e á funcionaria de policía expedientada aos efectos legalmente previstos. Notifíquese asimismo, ao Servizo de Persoal e á Xunta de Persoal.

**19(1285).- AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 24555/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.11.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 30.10.13, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 15/10/2013 por un importe total de 8.559,00 € (OITO MIL QUINIENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Fernández Alonso, José Angel	36037789	12055	1.915,00 €
Fuentes Blanco, Daniel	36145960	80493	378,00 €
Gómez Ferreira, Fernando	76993760	81965	1.840,00 €
González Yebra-Pimentel, Francisco J.	36030695	22415	1.125,00 €
Molina Magdalena, Fernando	36065820	77043	2.415,00 €
Otero Martínez, Manuel	36044001	17087	716,00 €
Rodríguez Caeiro, Javier	36130786	78769	170,00 €
TOTAL			8.559,00 €

Segundo.- Denegar a seguinte solicitude polo motivo que se especifica :

- Da. Katia María González García (a Comisión se ratifica no acordo do 22/05/2013).”

**20(1286).- SOLICITUDE DE CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL DO FUNCIONARIO D. GUSTAVO RODRÍGUEZ BARTÓL. EXPTE. 24321/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.11.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 10.09.13, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Recoñecer a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28 ao funcionario de carreira D. Gustavo Rodríguez Bartol, con nº de persoal 22421, con praza de Técnico de Administración Xeral (rama xurídica) e adscrito ao posto de traballo de “Asesor Xurídico adxunto” da Área de Benestar Social, motivada no desempeño durante máis de dous anos continuados de posto de traballo co citado nivel asignado, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada no seu

expediente persoal e informe do Sr. Xefe dos Servizos Centrais do organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo”, de data 31/07/2013.

SEGUNDO.- Notifíquese a presente ao interesado/a e á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

**21(1287).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE ASO MESES DE MAIO E SETEMBRO 2013. EXPTE. 24500/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.11.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 5.11.13, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Setembro-2013	210'00
Extinción de Incendios	Setembro-2013	1.761'00
Policia Local (Xulgados)	Setembro-2013	480'00
Policia Local (Horas en exceso)	Setembro-2013	352'25
Inspección Vías e Obras	Maio-2013	65'00
Parque Móbil	Maio-2013	25'00
Ospio	Maio-2013	80'00
Parque Central	Maio-2013	114'00
Limpeza	Maio-2013	20'00
Parque Móbil (Servizo Limpeza)	Abril/Maio	56'00
Parque Móbil (Vías e Obras)	Marzo/Maio	74'00
Xerencia Parque Central (Vías e Obras)	Marzo	19'00
Vías e Obras	Maio	130'00
Montes, Parques e Xardíns	Abril/Maio	228'00
Cultura	Maio-2013	12'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 36.704,37 €.

## **22(1288).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:**

A) SOCIEDADE CULTURAL COMISIÓN FESTAS DA CONSOLACIÓN. EXPTE. 86831/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 10.11.13, conformado polo concellerio delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada pola SOCIEDADE CULTURAL COMISIÓN FESTAS DA CONSOLACIÓN CIF G 36.633.030 en data 25/06/13 por un importe de 5000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración DAS FESTAS DA CONSOLACIÓN levadas a cabo en datas 5,6,7,8 e 9 de xullo do ano que andamos nos xardíns de Coia , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

B) ASOCIACIÓN CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS. EXPTE. 87325/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 10.11.13, conformado polo concellerio delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada pola ASOCIACIÓN CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS CIF G 36769214 en data 28/10/13 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración dun MAGOSTO levado a cabo en data 26 de outubro no parque da Riouxa, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

C) COMUNIDAD DE PROPIETARIOS PI Y MARGALL, 100. EXPTE. 87045/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 30.10.13, conformado polo concellerio delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 18 de xullo de 2013 por Comunidad de Propietarios Pi y Margall, 100 con NIF H-36704906, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Pi y Margall, 100, por non producirse danos.

D) CONSTRUCCIONES MAGOPE S.L. EXPTE. 87097/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 30.10.13, conformado polo concellerio delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 09 de agosto de 2013 por Magope, S.L. con NIF B-36779528,

por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Florida, 2, por non producirse danos.

**E) IMPERMEABILIZACIONES MAFERGO S.L. EXPTE. 87098/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 30.10.13, conformado polo concellerio delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de agosto de 2013 por Impermeabilizaciones Mafergo, S.L. con NIF B-36855476, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Ramón Nieto, 109, por non producirse danos.

**F) CONSTRUCCIONES MAGOPE S.L. EXPTE. 87099/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 30.10.13, conformado polo concellerio delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 11 de xuño de 2013 por Magope, S.L. con NIF B-36779528, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Travesía de Vigo, 186, por non producirse danos.

**23(1289).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE AXUDA ECONÓMICA CONCEDIDA PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO EUROTAXI ADAPTADO AO TITULAR DA LICENZA 350. EXPTE. 79764/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 23.10.13, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. – ADXUDICAR a DONA. CLEMENTINA PRESA GÁNDARA, con DNI: 35785348Q, titular de pleno dereito da licenza de autotaxi nº 350, á cal adscribeuse o vehículo EUROTAXI con matrícula 3671-HPR, adaptado para persoas con mobilidade reducida, a cantidade de 10.000 €, en concepto de axuda económica para a adquisición do citado vehículo, concedida polo IMSERSO (8.000 euros) e pola Fundación ONCE (2.000 euros), segundo o convenio suscrito en data 13 de setembro de 2011 entre o Concello de Vigo e ambalás dúas entidades, unha vez que

acreditou a adquisición do citado vehículo e súa adaptación para tales fins e sua posta en servicio, e o informe emitido de avaliación de calidade positivo.

A adxudicación propónse con cargo á partida "1330.770.00.00-Subvencións Eurotaxi" : 2.000 euros con cargo á partida e 8.000 euros con cargo ao AD-201300011007 da mesma partida.

SEGUNDO. - DAR TRASLADO á Intervención Municipal para cumprimento deste acordo.

**24(1290).- CONSTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á CONCELLERÍA DE XUVENTUDE POR PARTE DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 3980/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 30.10.13, conformado pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a esta Concellería por parte da Xunta de Galicia de 3.000€ dentro da *Convocatoria de subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas a xuventude para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías do ano 2013*; ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2013; na que cumpríuse a finalidade da subvención que comprendía o correcto funcionamento e xestión do espazo Punto Xove na súa labor de información e asesoramento em temas de interese xuvenil e, dinamización do espazo ao longo do transcurrido no ano 2013.

SEGUNDO: Aprobar os gastos de xestión do Punto Xove:

- 1.- Factura Nº 01/2013. Data: 01/02/13. Importe: 6,128,66. Pagamento. 25/04/13. SENDA(CUÑA PÉREZ ,CONCEPCIÓN)
- 2.- Factura Nº 02/2013. Data: 01/03/13. Importe: 6,128,66. Pagamento. 25/04/13. SENDA(CUÑA PÉREZ ,CONCEPCIÓN)
- 3.- Factura Nº 03/2013. Data: 02/04/13. Importe: 6,128,66. Pagamento. 19/06/13. SENDA(CUÑA PÉREZ ,CONCEPCIÓN)
- 4.- Factura Nº 04/2013. Data: 02/05/13. Importe: 6,128,66. Pagamento. 19/06/13. SENDA(CUÑA PÉREZ ,CONCEPCIÓN)
- 5.- Factura Nº 05/2013. Data: 02/06/13. Importe: 6,128,66. Pagamento. 05/09/13. SENDA(CUÑA PÉREZ ,CONCEPCIÓN)
- 6.- Factura Nº 06/2013. Data: 02/07/13. Importe: 6,128,66. Pagamento. 05/09/13. SENDA(CUÑA PÉREZ ,CONCEPCIÓN)
- 7.- Factura Nº 07/2013. Data: 02/07/13. Importe: 6,128,66. Pagamento. 05/09/13. SENDA(CUÑA PÉREZ ,CONCEPCIÓN)"



**25(1291).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.718,29 € A FAVOR DE FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESAN EN CONCEPTO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NAS LUDOTECAS DE CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA. EXPTE. 4061/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 14.10.13, conformado pola concelleira delegada de dita Área e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/27 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de setembro de 2013 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de setembro de 2013, partida 3370 2279900 “Ludoteca Casa da Xuventude e Coia” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013”.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**26(1292).- RECEPCIÓN PARCIAL DA URBANIZACIÓN DA UA 4 CANTERÍA. EXPTE. 5071/401.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 11.11.13, que di o seguinte:

*O Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o día 21.09.1998, o Estudo de Detalle do Polígono C-SU-UA-4 Canteira, redatado polo arquitecto, D. Xosé A. Comesaña García e visado polo COAG no 18.02.1998 e 23.03.1995 (BOP nº. 223, do 18.11.1998).*

O día 26.07.2001, o Consello da XMU aprobou definitivamente o Proxecto de Compensación de propietario unico do ámbito de referencia, redatado polo arquitecto, D. Clemente Sequeiros Sestelo e visado polo COAG no 19.03.2001 e 22.03.2001 (exp. 4268/401). O apartado dispositivo cuarto do dito acordo dispón que "A propiedade do ámbito deberá asumir o mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello. A tal fin, as fincas resultantes do Proxecto de Compensación quedarán afectas, no cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación. Esta condición se fará constar expresamente na inscrición rexistral de cada unha das fincas resultantes". Ademais o día 17.01.2003, o Secretario da XMU certificou o cumprimento pola entidade mercantil "Camiño da Balsa, S.L." da condición establecida no apartado dispositivo primeiro do dito acordo.

O día 24.01.2002, o Consello da XMU aprobou definitivamente o proxecto de urbanización do polígono promovido pola mercantil "Camiño da Balsa, S.A." e redatado polo enxeñeiro de camiños, D. Alberto Moreno García, visado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos o día 27.06.2001, 10.05.2001 e 15.03.2001 (exp. 4282/401)

Consta no expediente acta de recepción parcial asinada pola entidade promotora, o Director de Obra e o Contratista o día 14.09.2012.

En data 25.08.2011, D. Jorge García García, afirmando actuar en representación da financeira NCG División Grupo Inmobiliario, S.L., presentou un escrito no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 110112600) comunicando a adquisición das parcelas sitas na UA 4 Canteira e o seu interese en continuar as obras de urbanización do ámbito (segundo copia obrante no expediente de referencia).

O día 23.05.2013, a entidade NCG – División Grupo Inmobiliario, S.L. presentou no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 130060630) escrito solicitando a recepción parcial das obras de urbanización do Estudo de Detalle da U.A. 4 Canteira – Matamá.

Constan no expediente os seguintes informes técnicos remitidos pola Enxeñeira Técnico de Obras Públicas da OSPIO en data 09.10.2013 co obxecto de propoñer a recepción parcial das obras de urbanización:

- O Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 11.09.2013
- O Xefe do Servizo de Electromecánicos de data 12.11.2012
- O Xefe de Producción de Aqualia de data 24.09.2012
- O Enxeñeiro Técnico Municipal e o Xefe de Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade de data 02.09.2013
- O Xefe do Servizo de Limpeza de data 04.10.2013
- O Coordinador Creación Red P.E. Pontevedra-Ourense de Telefónica de España de data 09.11.2012
- O Departamento Técnico de Gas Galicia de data 07.11.2012
- O Director de Rede de R Cable de data 26.11.2012
- A Delegación de Pontevedra de Unión Fenosa Distribución, S.A. de data 06.09.2013
- A Enxeñeira Técnico de Obras Públicas e o Xefe da OSPIO de data 09.10.2013

Con data 11.11.2013, NCG División Grupo Inmobiliario presentou no Rexistro xeral da XMU (doc. 130130935) xustificante da constitución de garantía o 11.11.2013 (núm.operación: 201300074797) por importe de 127.105,74 euros para responder da execución das obras de urbanización da UA 4 Canteira, así como notas simples informativas expedidas polo Rexistro da Propiedade nº. 3 de Vigo das parcelas do ámbito cedidas gratuitamente e sen cargas ao Concello de Vigo.

O día 11.11.2013 o Director Adxunto aos Servizos Técnicos emite o seguinte informe:

"Con fecha 23/10/12 ( N° Doc 120121670 ) ALBERTO MORENO GARCIA en calidad Dde Director de las Obras de la Unidad de Actuación 4 CANTEIRA, solicita la recepción parcial de las obras de urbanización,

las incluidas en la denominada Fase I. En escritos posteriores de fechas 13/09/13 ( Nº Doc. 130104986 ) y 23/05/13 ( Nº Doc. 13060630 ), NCG. , DIVISIÓN GRUPO INMOBILIARIO en calidad de Promotor de la urbanización, complementa la documentación acreditativa y se reitera la solicitud de recepción.

La ejecución de la urbanización se ha desarrollado según el Proyecto de Urbanización de la U.A. 4 CANTEIRA ( Exp – 4282/401 ) aprobado definitivamente por acuerdo del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo de fecha 24/01/02, que desarrolla las determinaciones del Estudio de Detalle aprobado definitivamente por acuerdo del mismo órgano municipal el 21/08/98.

Aunque en esta fase cuya recepción se solicita no existen zonas verdes, hay que recordar de cara a la recepción del resto de la Unidad de Actuación, que el mantenimiento de esas zonas correrá a cargo de los propietarios incluidos en este ámbito, tal y como se recoge en el apartado cuarto del acuerdo de aprobación definitiva del Proyecto de Compensación ( Exp – 4268/401 ), de fecha 26/06/01 adoptado por el Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo.

De conformidad con el Protocolo de actuación para el seguimiento y recepción de las obras de urbanización de iniciativa privada en el Concello de Vigo ( Exp – 62/403 ), en este expediente se incluye un reportaje fotográfico, Acta de Recepción de estas obras firmada por el actual Promotor, el Director de las Obras de Urbanización, y el Contratista de las mismas, Planos definitivos de final de obra fechados en Septiembre de 2012 firmados por el Director de las Obras. copia del Documento notarial de formalización de las cesiones obligatorias al Concello. No ha lugar a la documentación del Control de Calidad a tenor de las fechas que se ejecuto esta urbanización, sirviendo a este efecto de la Dirección de Obra. Tambien se incluye el aval por la totalidad de las obras de urbanización.

Obran en el expediente informes favorables de los departamentos municipales habituales, Montes, Parques y Jardines, Electromecánicos, Seguridad, Circulación y Transporte, Limpieza y OSPIO.

Asimismo, existen informes favorables de las compañías suministradoras de servicios urbanísticos AQUA-LIA, UNIÓN-FENOSA, GAS NATURAL, R CABLE Y TELEFÓNICA.

Por lo expuesto, desde el punto de vista urbanístico, no existe inconveniente en acceder a la solicitud”.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

##### I. Normativa examinada.

- R.D.Lex 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de solo.
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- R.D.Lex. 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- R.D.Lex. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas.
- R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP.
- RDUGal (D 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia)

- R.D.2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.
- R.D.3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)
- Instrución 2/2012 relativa á revisión do Protocolo de Actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo (A.D. Xunta de Goberno Local 27.04.2012; BOP nº. 104, do 31.05.2012).

## II. Recepción parcial das obras de urbanización.

De conformidade co artigo 110.5 da LOUGA, a recepción polo Concello das obras de urbanización na execución do planeamento se rexirá polo disposto na lexislación de contratos das Administracións públicas, que non contempla a necesidade de adoptar un acordo municipal expreso para recibir formalmente obras de urbanización como as de referencia, esixíndose unicamente a redacción dunha Acta asinada polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta na que se constata que as obras están en bó estado e que foron executadas con arreglo ás prescricións previstas (artigos 235 do TRLCSP e correlativos).

A posibilidade de recepcións parciais das obras urbanizadoras recoñécese no artigo 235.5 do TRLCSP para aquelas partes de obras susceptibles de ser executadas por fases que podan ser entregadas ao uso público.

Así mesmo, o punto terceiro, letra b) da Instrución 2/2012 relativa á revisión do Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo (exp. 130/403) permite excepcionalmente a recepción parcial da obra urbanizadora no caso de actuacións en execución, o que debe ser informado polos técnicos municipais coa debida prudencia, habida conta da excepcionalidade do suposto e da necesidade de garantir que o recibido constitúe unha unidade funcional independente que pode ser posta a disposición do público en xeral, con estrita observancia do seguinte:

- Que as obras executadas deben ser susceptibles de ser entregadas ao uso público
- Que constitúan unha unidade funcional directamente utilizable e se teñan recibido pola entidade urbanística colaboradora. Deberá existir un nivel mínimo de reserva de solo e execución do equipamento, dos servizos urbanísticos mínimos.
- O acordo de recepción parcial non habilitará en ningún caso para a disolución da entidade urbanística colaboradora nin para a cancelación da obra ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización.
- Tampouco será título para a devolución dos avais presentados nin implicará o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización. A conservación e preservación do bó funcionamento da urbanización que se vaia a recibir seguirá sendo responsabilidade da entidade urbanística colaboradora.
- Con ocasión da recepción total, comprobarase de novo o estado da parte recibida parcialmente. No caso de que se observen deficiencias na mesma derivadas da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas imputable directa ou indirectamente á entidade urbanística colaboradora, requirirase a realización das obras precisas e non se recibirá totalmente a urbanización ata a súa finalización.

Ademais, segundo o sinalado no informe do 12.11.2012 do Xefe do Servizo de Electromecánicos durante o período transcorrido ata a recepción definitiva das obras de referencia polo órgano competente, a propiedade deberá asumir o custo de enerxía eléctrica do novo centro de mando así coma o mantemento integral de toda a instalación de alumado instalado. Así mesmo, para a recepción final advirte da necesidade de que esté executada a acometida eléctrica definitiva, que estea posta en marcha e se entregue a documentación que o dito informe técnico refire.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recepción das obras de urbanización é marcadamente técnica e, no senso exposto, o Director Adxunto dos Servizos Técnicos expón a súa conformidade á recepción definitiva mediante informe de data 11.11.2013. Polo tanto, non procede formular proposta xurídica ningunha, sendo realizada a proposta polo propio Director dos Servizos Técnicos, dando cumprimento ao disposto no artigo 172 do RD 2568/1986, do 28 de novembro. Téñase en conta tamén o disposto no punto segundo letras e) e f) da nomeada Instrucción 2/2012.

III. Órgano competente para resolver.

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Na mesma data o director dos Servizos Técnicos, do 11.11.13, co conforme da Xerente de Urbanismo, formula a seguinte PROPOSTA:

«PRIMEIRO: Recibir parcialmente as obras de urbanización da U.A. 4 Canteira (1ª Fase), segundo o Proxecto de Urbanización definitivamente aprobado o día 24.01.2002, polo Consello da XMU, promovido pola mercantil “Camiño da Balsa, S.A.” e redatado polo enxeñeiro de camiños, D. Alberto Moreno García, visado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos o día 27.06.2001, 10.05.2001 e 15.03.2001 (exp. 4282/401), de conformidade co informe do Director Adxunto dos Servizos Técnicos do día 11.11.2013.

SEGUNDO: Comunicar á NCG División Grupo Inmobiliario, S.L. que, como propietaria dos terreos sitos no ámbito, deberá facerse cargo do mantemento e conservación da obra urbanizadora ata a recepción definitiva das mesmas de acordo cos informes dos técnicos municipais que obran no expediente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á mercantil interesada, significándolle que o presente acordo pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo pode interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo desta cidade, no prazo de dous meses, contados ambos dende o día seguinte a súa notificación, sen prexuízo do exercicio das accións legais que procedan en defensa dos seus intereses.

CUARTO: Dar traslado do presente acordo aos Servizos Técnicos da XMU, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos».

Non obstante o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime convinte.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 15.11.13, acordo elevar o expediente á Xunta de Goberno local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida a precedente proposta.

**27(1293).- APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE EXPROPIATORIO POR TAXACIÓN CONJUNTA DA ACTUACIÓN ILLADA Nº 1 “SUBESTACIÓN DE BALAIÓDOS” DO PXOM. EXPTE. 232/413.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 11.11.13, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión e a xerente da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

*Con data 26.12.2011 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110165228) o escrito de D. Manuel Fernández Pellicer, actuando en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A., polo que solicita, en relación ao Convenio urbanístico suscrito co Concello de Vigo en data 13.11.2008, a incoación do expediente expropiatorio dos bens e dereitos comprendidos no ámbito da Actuación Illada nº.1 «Subestación de Balaídos» do PXOM.*

*O día 27.01.2012 a Xerente da XMU dirixiu oficio ao Rexistro da Propiedade nº. 3 de Vigo a fin de recabar as certificacións rexistrais acreditativas do dominio e cargas das parcelas sitas no ámbito de referencia.*

*Con data 12.03.2012, a Concelleira Delegada da área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos incoou o procedemento de expropiación forzosa da superficie destinada na AA-01 «Subestación de Balaídos » para a nova subestación de Balaídos, encomendando a súa tramitación á Oficina de Planeamento – Xestión. O proxecto expropiatorio foi redatado en novembro de 2012.*

*En sesión ordinaria celebrada o día 25.01.2013, a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente o nomeado proxecto expropiatorio, o que foi anunciado no Faro de Vigo (páx.5) o 08.02.2013 e no DOG nº. 37 o 21.02.2013. Ademais, foron practicadas as notificacións individualizadas aos titulares de bens e dereitos que figuran no proxecto de expropiación forzosa.*

*En data 14.02.2013, a Xerente da XMU remitiu as follas de prezo xusto corrixidas das parcelas nº. 12 e 13 do expediente expropiatorio ao terse detectado un erro nelas.*

*Con data 21.03.2013, ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130033364) escrito remitido polo Centro de Servizo de Rede de Unión Fenosa Distribución, S.A., comunicando que contactado co departamento de competencia, éste notifica a continuidade do proceso de expropiación.*

*O día 29.04.2013, o Secretario da XMU certificou que durante o trámite de exposición pública presentáronse os seguintes escritos de alegacións:*

Nº. Alegación	Data de Rexistro	Documento	Alegante
1	23/01/13	130008411	Regina Hermida Alonso*
2	14/02/13	130018918	Jose Angel Alonso Amoedo e outros
3	10/02/13	130020611	Carlos Fernandez Docampo
4	19/02/13	130020612	Mª. Dolores Fernandez Rodriguez

5	06/03/13	130027117	Angeles Conde Trillo
6	07/03/13	130027468	Purificacion Bacelar Gonzalez
7	08/03/13	130028109	Pedro Alvarez Gonzalez
8	13/03/13	130029584	Pedro Alvarez Gonzalez

*\*O escrito de D<sup>a</sup>. Regina Hermida Alonso (doc. 130008411) foi presentado antes da apertura do trámite de información pública.*

*O día 04.06.2013, tiveron entrada no Rexistro xeral da XMU escritos (copia) de D. Enrique Conde Estévez, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Carmen Antonio Borines, D. Aitor García Antonio, D<sup>a</sup>. María Covelo Rodríguez e D<sup>a</sup>. Purificación Vila Comesaña comunicando a existencia dun acordo coa beneficiaria e a renuncia de calquera acción, recurso ou manifestación de disconformidade respecto do prezo xusto das parcelas da súa titularidade.*

*O día 04.06.2013, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130066316) escrito presentado por D. Manuel Fernández Pellicer, actuando en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A., dando resposta ás alegacións presentadas durante o trámite de exposición pública que figuran na certificación do Secretario da XMU do 29.04.2013.*

*Examinadas as certificacións rexistras e demais datos obrantes no expediente de referencia, practicáronse notificacións individualizadas aos titulares de bens e dereitos que non constaban debidamente notificados.*

*O día 28.08.2013 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130099185) escrito de D. José Luis Pereira Crispín persoándose no expediente en calidade de titular de bens e dereitos afectados.*

*Con data 04.09.2013, D<sup>a</sup>. Purificación Bacelar González presentou no Rexistro xeral da XMU (doc. 130101369) copia do contrato de aluguer do 12.03.1983, da vivenda sita no piso primeiro da rúa Pereiró, nº. 7.*

*O día 10.09.2013, D. José Luis Pereira Crispín presentou no Rexistro xeral da XMU (doc. 130103769) o título de propiedade relativo á parcela nº. 12 do proxecto expropiatorio, aportando nova documentación por escrito presentado o día 30.09.2013 no Rexistro xeral da XMU (doc. 130111495), na que consta o ben como ganacial.*

*Constan no expediente os escritos de manifestacións de D. Enrique Conde Estévez do 18.09.2013 e do 11.10.2013 presentados os días 10.10.2013 e 11.10.2013 no Rexistro xeral da XMU (doc. 130116393 e 130117032), respectivamente, nos que recoñece que a súa filla, cónxuge e netos residen na vivenda da súa titularidade co seu consentimento, a título de precario e sen intención de limitar este disfrute.*

*O día 21.10.2013, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130122489) un escrito presentado por D<sup>a</sup>. Regina Hermida Alonso achegando documentación e o día 22.10.2013 (doc.130123149) presentou nova documentación para acreditar que D<sup>a</sup>. Regina Alonso Campos é propietaria de bens sitos no ámbito a expropiar.*

*O día 24.10.2013 a Xefa de Planeamento e Xestión emitiu informe respecto das alegacións presentadas dentro e fóra do trámite de información pública.*

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

## *I. Normativa examinada.*

- R.D.Lex 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo.*
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.*
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- R.D. 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.*
- R.D. 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión.*
- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.*
- Lei de 16 de decembro de 1954 de Expropiación forzosa.*
- Decreto de 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación forzosa.*
- R.D. 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei de Solo.*
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL).*
- RDLex. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*
- Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos urbanos.*
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*

## *II. Resultado do trámite de información pública e de novos datos recabados durante a tramitación do expediente expropiatorio.*

*No presente expediente presentáronse un total de 8 escritos de alegacións, segundo reflicte a certificación expedida o día 29.04.2013 polo Secretario da XMU, que foron respostadas pola beneficiaria mediante escrito con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 04.06.2013 (doc. 130066316) e pola Xefa da Oficina de Planeamento e Xestión o día 24.10.2013.*

*Así mesmo, deben considerarse incorporados ao expediente os escritos presentados o 28.08.2013, 10.09.2013 e 30.09.2013 no Rexistro xeral da XMU (doc. 130099185, 130103769 e 130111495 -respectivamente-) por D. José Luis Pereira Crispín; o 04.09.2013 (doc. 130101369) por D<sup>a</sup>. Purificación Bacelar González; o 10.10.2013 (doc. 130116393) por D<sup>a</sup>. Ángeles Conde Trillo; o 11.10.2013 (doc. 130117032) por D. Enrique Conde Estévez; e o 21.10.2013 e 22.10.2013 (doc. 130122489 e 130123149) por D<sup>a</sup>. Regina Hermida Alonso.*

*De todo o anterior, resulta o seguinte:*

*Alegación nº 1: D<sup>a</sup>. Regina Hermida Alonso, afirmando actuar en representación de D<sup>a</sup>. Regina Alonso Campos, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 23.01.2013 (doc. 130008411).*

*Resumo da alegación: a alegante, na representación que invoca, manifesta que D<sup>a</sup>. Regina Alonso Campos é propietaria dun terreo situado en Pereiró – Castrelos e solicita que esta circunstancias se teña en conta no expediente expropiatorio.*



*Informe:* O día 24.10.2013 a Xefa de Planeamento e Xestión informa o seguinte "Vista a documentación presentada pola alegante en data 23/01/2013 resulta imposible determinar a ubicación da parcela. Con data 22 de outubro de 2013, e xa fora do prazo de alegacións, Dna Regina Hermida Alonso presenta fotocopia da escritura de partición dos Bens de Juan Alonso Campos e Dna Pilar Pazo Bastos e fotocopia da Acta de Protocolización de operacións particionais de Don Angel Alonso Pazo e a súa dona Regina Campos Costas, na que se pode comprobar que a parcela a que se refire a alegación é de Dna Regina Alonso Campos. Comprobamos que a parcela 14-a ten como lindeiro aos "herdeiros de D. Juan Alonso. Achégase plano de situación da parcela. Tras a lectura da documentación e a comprobación dos datos achegados é posible identificar a parcela de Dna Regina Alonso Campos polo que incluímos esta parcela no expediente expropiatorio" e propón estimar a alegación en base á documentación presentada o día 22.10.2013.

*Proposta:* Estimar a alegación con fundamento no informado pola Xefa de Planeamento e Xestión en data 24.10.2013, realizando as correccións procedentes no proxecto expropiatorio.

*Alegación nº. 2:* D. José Ángel, D. Francisco, D. Indalecio e D<sup>a</sup>. Concepción Alonso Amoedo, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 14.02.2013 (doc. 130018918).

*Resumo da alegación:* manifestan os alegantes a existencia dun erro na parcela da súa titularidade que segundo a folia de prezo xusto ten unha superficie de 368,50 m<sup>2</sup> e segundo recente medición conta con 684,50 m<sup>2</sup>.

*Informe:* O día 24.10.2013 a Xefa de Planeamento e Xestión emite o seguinte informe: "O erro manifestado xa foi detectado e foi subsanado. Detectado o erro no proxecto expropiatorio, con data de 20/02/2013 foi notificada nova folia de valoración, na que se recollen 684,50 m<sup>2</sup>", e propón, estimar a alegación.

*Certamente,* consta no expediente notificación dirixida pola Xerente da XMU en data 14.02.2013 aos titulares de bens afectados nas parcelas nº. 12 e nº. 13 do expediente expropiatorio, achegándoseles nova folia de prezo xusto, toda vez que nas obrantes no proxecto expropiatorio existía un erro ao asignarse erro-neamente á parcela n.º12 a superficie da parcela n.º13 e á parcela nº. 13 a superficie da parcela nº. 12. Detectado o dito erro, o órgano competente deberá proceder a corríxilo formalmente.

*Proposta:* Estimar a alegación con fundamento no informado pola Xefa de Planeamento e Xestión en data 24.10.2013, debendo corríxirse formalmente as follas de prezo xusto obrantes no proxecto de expropiación forzosa inicialmente aprobado o día 25.01.2013, respecto da parcela nº. 13 que deberá reflectir a superficie realmente expropiada (684,50 m<sup>2</sup> de solo). Coa estimación da dita alegación queda formalmente corrído o erro material advertido.

*Alegación nº. 3:* D. Carlos Fernández Docampo, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 19.02.2013 (doc. 130020611).

*Resumo da alegación:* manifesta o alegante que na edificación da súa propiedade existen dúas vivendas, unha delas ocupada pola súa filla, segundo manifesta, ata setembro de 2012, que -segundo afirma- ten executado na vivendas obras de mellora da habitabilidade. Así mesmo, manifesta que non se valorou a superficie destinada a labradío, conformada pola catastrais con ref: 54057A09100004, 54057A09100005, 54057A09100006, 54057A09100013, 54057A09100014 e 54057A09100019 (esta última, de 1.098 m<sup>2</sup>,

afirma que pertence a D. Julio, D. José e D<sup>a</sup>. Carmen Martínez Bastos, sendo da súa propiedade soamente 373 m<sup>2</sup>).

Informe: no escrito presentado pola beneficiaria con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 04.06.2013, expónse que na data do inicio do expediente expropiatorio, a filla do expropiado xa non residía na dita edificación polo que carece de calquera dereito indemnizatorio; que a edificación non tería máis valor polo feito de existir nela unha ou máis vivendas e que o propietario non tiña constituido un réxime de propiedade horizontal. A respecto da valoración practicada, considera a beneficiaria que a valoración realizouse pola Administración expropiante partindo da consideración da propiedade como unha unidade predial e que só a catastral na que se sitúa a vivenda conta con fronte a vial público pavimentado, sendo así que o resto das parcelas catastrais, de ser o caso, deberan valorarse como solo en situación de rural.

O día 24.10.2013, a Xefa de Planeamento e Xestión informa o seguinte:

“No que atinxe as obras de arranxo da vivenda da planta primeira:

Non consta nos arquivos municipais, no ano 2006, ningún expediente de licenza (nin maior, nin menor), nesta dirección.

Constan diversos expedientes, desde o ano 2005, nunha parcela con edificacións, situada entre a estrada de Valadares e Camiño Simona, a nome de D.Carlos Fernández Docampo e tamén a nome de María Luz Fernández Nieto e D.Rudesindo Lamas López.

Polo tanto non se poden ter en conta as obras que se aducen na alegación. De tódolos xeitos o estado da edificación e a superficie adicada a vivenda, xa foron tidos en conta no método de valoración utilizado, que é o de comparación.

- No que atinxe á valoración da parcela, coa súa superficie total.

A parcela que se valora é a totalidade da superficie pechada que é de 1.820 m<sup>2</sup> (aproximadamente un 16,2% da superficie expropiada, tal e como se explica na alegación).

No caso de solos en situación de urbanizados o método de valoración establecido pola lexislación vixente en materia de valoracións (RD Lex 2/2008 de 20 de xuño, texto refundido da lei do solo e RD 1492/2011 de 24 de outubro, regulamento de valoracións) será o residual estático referido ao solo. No caso de existencia de edificacións a lei sinala a obriga de realizar os dous cálculos, o residual estático, referido exclusivamente ao solo (sen edificacións nin instalacións) e o método de comparación para o conxunto de solo e construcións, e logo elixir o máis alto. Isto foi o que se fixo no caso da parcela nº4 de D.Carlos Fernández Docampo e María Luz Nieto Abreu (como nos outros casos con edificacións). Tanto no caso da parcela nº4, como no caso das outras parcelas edificadas o valor máis alto foi o acadado co método de comparación, como pode comprobarse na táboa denominada “RESUMO DAS VALORACIÓNS”.

A parcela nº4 contén varias refenzas catastrais. Foron achegadas dúas escrituras de propiedade de dúas fincas, cada unha delas con 809 m<sup>2</sup> (total 1.618 m<sup>2</sup>). Que se corresponden coa finca total nº4 do proxecto expropiatorio.

A parcela segundo levantamento topográfico contén 1.820 m<sup>2</sup>, se valorásemos exclusivamente o solo, como no caso da parcela nº8 á que fai referencia na alegación, o valor da parcela sería de 224.387,80 € (consta no cadro RESUMO DAS VALORACIÓNS).

*Na valoración correspondente a parcela nº4 tívose en conta a totalidade da superficie e o estado de toda a parcela.*

*Á vista da existencia de dúas fincas segundo as escrituras realizamos unha comprobación para determinar se a valoración da fincas dun xeito independente arroxa unha valoración maior.*

*Realízase a valoración polo método de comparación da finca que contén a edificación e da outra finca polo método residual referido exclusivamente ao solo.*

*Valoramos pois as dúas fincas xurídicas independentemente, as denominamos parcela 4-a (a que ten a edificación) e a 4-b o resto; xa que nas escrituras teñen a mesma superficie, dividimos a superficie total pechada en dúas partes iguais. Deste xeito obtemos que a parcela 4-a de 910 m2 coa edificación e cos elementos existentes nela, valorada como conxunto polo método de comparación arroxa unha valoración de 529.214,47 €. A segunda parcela, 4-b, a valoramos polo método residual estático referido exclusivamente ao solo. A valoración do solo alcanza unha cantidade de 112.193,90 €. En resumo dividimos a parcela Nº4 do proxecto expropiatorio en dúas (segundo as escrituras), a 4-a e a 4-b, e cada unha delas as valoramos por separado". Tras do informado propón estimar parcialmente a alegación de forma tal que se valoren "independentemente as dúas fincas, unha tendo en conta a edificación e elementos existentes nela e a outra a valoración refírese exclusivamente ao solo. Resultando unha valoración da parcela 4-a de 529.214,47€ e da 4-b de 112.193,90€, cantidades ás que se deberá engadir o 5% do premio de afección".*

*Proposta: Estimar parcialmente a alegación con fundamento no informado pola Xefa de Planeamento e Xestión o día 24.10.2013, procedendo a división da parcela nº4 do expediente expropiatorio inicialmente aprobado, nas parcelas nº. 4-a e nº. 4-b ás que se lles asignará a valoración contida no dito informe e desestimar a alegación en todo o demais.*

*-Alegación nº. 4: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Fernández Rodríguez, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 19.02.2013 (doc. 130020612).*

*Resumo da alegación: achega escrituras de propiedade de dúas parcelas que conformarían a nº 4 do expediente expropiatorio, xunto con documentación relativa a licenzas de obras.*

*Informe: O día 24.10.2013 a Xefa de Planeamento e Xestión emite o seguinte informe: "Como xa se expuso no informe da alegación Nº3, se considerarán no proxecto expropiatorio, dúas parcelas, a 4-a e a 4-b, a todos os efectos. Da análise das escrituras de propiedade achegadas, dedúcese que a propiedade de ambas fincas non é exactamente a mesma" e propón estimar a alegación, dividindo a parcela en dúas: 4-a e 4-b e incorpórase a documentación ao expediente.*

*Proposta: Estimar a alegación con fundamento no informado pola Xefa de Planeamento e Xestión o día 24.10.2013, tendo por incorporada a documentación achegada pola alegante ao expediente expropiatorio, toda vez que a mesma foi considerada para estimar parcialmente a alegación nº.3. Así mesmo, procede corrixir o proxecto expropiatorio mediante a correcta asignación de propietarios a cada unha das parcelas resultantes da división da nº.4 do expediente expropiatorio inicialmente aprobado, nas parcelas nº. 4-a e nº.4-b.*

*-Alegación nº. 5: D<sup>a</sup>. Ángeles Conde Trillo, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 06.03.2013 (doc. 130027117).*

*Resumo da alegación: afirma a alegante que reside xunto co seu marido e fillos na vivenda sita ao nº. 5 da Rúa Pereiró, propiedade do seu pai, da que ten un dereito de uso polo que non aboa cantidade algunha en concepto de renda e solicita unha indemnización de 75.652,50 euros.*

*Informe: O día 24.10.2013 a Xefa de Planeamento e Xestión emite o seguinte informe: "No proxecto expropiatorio figuran censados na vivenda existente na parcela Nº3, tanto Ángeles Conde Trillo como Juan Iglesias e os fillos de ambos. Segundo manifestan, Ángeles Conde Trillo ocupa dita vivenda desde o ano 1991, con autorización do propietario (pai da alegante) e non pagan renda ningunha, atopándose, polo tanto, en condición de precaristas, con consentimento do propietario, que manifestou o coñecemento e consentimento da utilización da vivenda obxecto da expropiación sen contraprestación económica ningunha.*

*Se consideramos á Dña Ángeles Conde Trillo e familia como ocupantes legais da vivenda, deberíamos proceder a calcular unha indemnización que garanta o realoxo da familia.*

*Solicitan unha indemnización que resulta da capitalización das rendas, realmente de multiplicar por 10 a renda anual que é o criterio consolidado pola xurisprudencia sobre a indemnización dos arrendatarios, no caso de alugueres de renda de duración ilimitada. Tendo en conta que é necesario garantir o dereito de realoxamento desta familia estúdase unha indemnización que garanta dito realoxamento.*

*A familia ten catro membros. A superficie actual da edificación é de  $78,46 + 15,19 = 93,65$  m<sup>2</sup>. No proxecto expropiatorio consta un estudo de mercado de vivenda de aluguer na zona. As vivendas recollidas como testigo teñen entre 90 e 120 m<sup>2</sup>, a maioría ten 100 m<sup>2</sup> ou máis, polo que consideramos axeitado o estudo de mercado para este caso.*

*A renda media obtida é de 505,25 € que anualmente ascendería a 6.063€ e multiplicado por 10 supoñen 60.630 €, aos que se engadirían os custes de traslado, que segundo solicitan na alegación suporía 650€, cantidade que parece razoable. Polo tanto o montante total da indemnización será de 61.280€, engadindo un 5% do premio de afección o total será de 64.344€". Tras do informado propón estimar parcialmente a alegación recoñecendo un dereito á indemnización por un importe de 61.280€ máis o premio de afección.*

*Pola súa banda, no escrito presentado pola beneficiara con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 04.06.2013 se analiza a situación do precario nos expedientes expropiatorios e se afirma que non procede o recoñecemento da indemnización solicitada ao non constar o consentimento do propietario, non obstante, subsidiariamente para o caso de recoñerse unha indemnización por tal concepto, solicita que se fixe na cantidade de 8.653,19 €, incrementada co 5% do premio de afección e 650,00 € por custes de mudanza.*

*O dito consentimento do propietario foi achegado ao expediente expropiatorio por D<sup>a</sup>. Ángeles Conde Trillo o día 10.10.2013 (doc. 130116393) e por D. Enrique Conde Estévez o día 11.10.2013 (doc. 130117032). A indemnización que a alegante lle pudiera corresponder foi cuantificada no informe do 24.10.2013 pola Xefa de Planeamento e Xestión.*

*Pois ben, cumpre sinalar que a ampla fórmula que emprega o artigo 1 da LEF para describir o obxecto da expropiación ten servido á xurisprudenza para declarar, con carácter xeral, a procedencia dunha indemnización ou prezo xusto ante todas as accións administrativas materialmente expropiatorias que impliquen unha lesión individualizada dos contidos económicos do dereito dun particular por razóns de interese xeral. Estas circunstancias teñen levado a recoñecer, en determinados casos, a indemnizabilidade das situacións a precario nos casos nos que a situación discutida non é a posesoria ou de puro feito de quen detenta o ben expropiado sen título suficiente, ou incluso sen a tolerancia do titular, senon aquelas nas que se contempla unha situación contractual pola que unha persoa cede o uso gratuito do ben con carácter revogable. As singularidades deste tipo de supostos deben levar a unha análise particularizada do caso, cuxa valoración debe realizarse coa debida prudencia.*

*Proposta: Estimar parcialmente a alegación e recoñecer a D<sup>a</sup>. Ángeles Conde Trillo a indemnización cuantificada no informe do día 24.10.2013 da Xefa de Planeamento e Xestión, con fundamento no mesmo.*

*-Alegación nº. 6: D<sup>a</sup>. Purificación Bacelar González, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 07.03.2013 (doc. 130027468).*

*Resumo da alegación: manifesta a alegante a súa desconformidade coa expropiación do inmoble que constitúe o seu domicilio habitual e do seu fillo e afirma que se lle causa un perxuízo ao ter que abandonar a vivenda expropiada pola que aboa unha renda antiga e ter, consecuentemente, que alugar outra. Solicita a revisión da valoración do seu dereito de arrendamento.*

*Debe engadirse que o día 04.09.2013 D<sup>a</sup>. Purificación Bacelar González presentou unha copia do contrato de aluguer da vivenda de referencia, asinado o 12.03.1983 con D. Alfredo Pedro Álvarez González (que figura como arrendador), polo importe de 721,21 euros anuais.*

*Informe: o día 24.10.2013 a Xefa de Planeamento e Xestión informa o seguinte: "Non existe na edificación ningún réxime de división horizontal e polo tanto non existe comunidade de propietarios, o propietario é un. Non achega ningún estudo de mercado que atestigüe que o valor de aluguer dunha vivenda destas características sexa 650€. A indemnización calculada segue o criterio xurisprudencial para indemnizacións por perda da vivenda alugada con contratos de renda antiga". Tras do informado propón desestimar a alegación.*

*Proposta: Desestimar a alegación con fundamento no informado o día 24.10.2013 pola Xefa de Planeamento e Xestión.*

*-Alegacións nº. 7 e nº. 8: D. Pedro Álvarez González, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 08.03.2013 (doc. 130028109) e 13.03.2013 (doc 130029584).*

*Resumo da alegación: solicita a inclusión dunha partida indemnizatoria polas dúas actividades que afirma exercer no inmoble expropiado, así como o tempo de inactividade no que permaneza, o traslado da maquinaria e a perda de negocio por deslocalización. Achega informe de valoración realizado polo arquitecto técnico colexiado nº. 265, D. Ángel Cancelo Mariñas, parcialmente corrixido mediante documento presentado con entrada no Rexistro Xeral da XMU o día 08.03.2013.*

*Informe: o día 24.10.2013 a Xefa de Planeamento e Xestión advirte que con posterioridade á presentación da alegación foi achegado ao expediente de expropiación, acordo coa entidade mercantil UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, beneficiaria da expropiación, asinado ante notario de data 5 de agosto de 2013.*

*Pois ben, ao discutir o alegante unicamente cuestións referentes á cuantificación do prezo xusto dos bens e dereitos expropiados, non procede realizar maiores consideracións ao respecto do alegado dado que o feito de ter acadado un acordo amistoso coa beneficiaria para a fixación do prezo xusto evidencia a súa conformidade, deixando sen obxecto os fundamentos contidos na súa alegación no senso referido no informe da Xefa de Planeamento e Xestión do día 24.10.2013.*

*Proposta: Desestimar a alegación con fundamento na circunstancia advertida no informe do día 24.10.2013 da Xefa de Planeamento e Xestión.*

*Ademais, a tenor do punto segundo do informe do 24.10.2013 da Xefa de Planeamento e Xestión: "Despois da aprobación inicial do proxecto expropiatorio, a raíz do período de exposición ao pública e tamén con posterioridade, foron achegadas á Xerencia Municipal de Urbanismo títulos de propiedade das diferentes parcelas. Tamén a beneficiaria recabou documentación dalgunhas das fincas, chegando a acordos sobre o prezo xusto cos seus propietarios. Tras a análise destes títulos achegados e ademais das modificacións xa descritas no punto 1 deste informe, realízanse outras modificacións respecto ao proxecto aprobado inicialmente:*

- No caso da parcela 10, a parte da propiedade que corresponde a Aitor e Enrique García Antonio está gravada cun dereito de usufructo a nome de Juan Miguel García Alamo, inclúese na relación de titulares de dereitos do ámbito.
- No caso das parcelas 6, 7 e 8 ditas parcelas tamén están a nome da esposa de Pedro Alvarez González, María Dolores Martínez Docampo. Están casado en réxime de gananciais, polo tanto engádesse á relación de titulares de bens e dereitos.
- No caso da parcela Nº12 e tras a documentación achegada por José Luis Pereira Crispín e María José Mato Sarmiento á Xerencia Municipal de Urbanismo, compróbase que a parcela 12 é da súa propiedade e que a parcela de Purificación Vila Comesaña é unha parte da parcela 14. Para a ubicación da parcela de Purificación vila analizáronse os títulos achegados da parcela Nº13 (herederos de José Alonso Alonso). Polo que, a parcela Nº12 figura agora a nome de José Luis Pereira Crispín e María José Mato Sarmiento, e a de Purificación Vila se lle asigna a parcela número 14-a.
- Tamén foron identificados os propietarios doutra parte da parcela denominada no proxecto expropiatorio parcela Nº14, de propietario descoñecido. Polo que desta parcela Nº14, do proxecto expropiatorio aprobado inicialmente, que contiña 1.223 m2 e figuraba a nome de descoñecido, divídese agora en tres partes: A parcela 14-a, de 296 m2 (tal e como figura no título de propiedade achegado) e a nome de Purificación Vila Comesaña; a parcela 14-b, de 405 m2 (tal e como figura nos títulos achegados) a nome de Regina Alonso Campos; e a parcela 14-c de 522 m2 da cal non foi posible determinar a propiedade, co que sigue figurando esta parte como "descoñecido".

É por elo, que o proxecto expropiatorio rectificárase de conformidade coas novas circunstancias a considerar, reorganizando a asignación de propiedades e modificando o parcelario no senso exposto no punto segundo de dito informe.

### III. Procedemento expropiatorio por taxación conxunta

Cúmpre salientar que o proxecto expropiatorio, elaborado pola Xefa de Planeamento e Xestión e asinado polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento – Xestión en data novembro 2012, foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en data 25.01.2013 e sometido a información pública mediante anuncios no DOG nº. 37 de 21.02.2013 e Faro de Vigo do 08.02.2013. As follas de prezo xusto notificáronse individualizadamente (incluída follas corrixidas das parcelas nº. 12 e nº. 13) ás persoas que figuran como titulares de bens e dereitos no expediente expropiatorio, conferíndoselles un prazo dun mes para formular observacións ou alegacións, en particular, no referente á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos, presentándose un total de 8 escritos de alegacións respostadas pola beneficiaria en data 30.05.2013 (presentado no Rexistro xeral da XMU o 04.06.2013).

Así mesmo, durante a tramitación do expediente expropiatorio achegouse documentación mediante escritos de D. José Luis Pereira Crispín (con entrada no Rexistro xeral da XMU os días 28.08.2013, 10.09.2013 e 30.09.2013 -doc. 130099185, 130103769 e 130111495-), D<sup>a</sup>. Purificación Bacelar González (con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 04.09.2013 -doc. 130101369), D<sup>a</sup>. Ángeles Conde Trillo (con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 10.10.2013 -doc. 130116393-), D. Enrique Conde Estévez (con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 11.10.2013 -doc. 130117032) e D<sup>a</sup>. Regina Hermida Alonso (con entrada no Rexistro xeral da XMU os días 21.10.2013 e 22.10.2013 -doc.130122489 e 130123149-).

Todas as alegacións foron informadas o día 24.10.2013 pola Xefa de Planeamento e Xestión, polo que, tras do seu informe, procede someter o expediente á aprobación do órgano municipal competente. As modificacións propostas por mor da depuración das situacións advertidas durante a tramitación do expediente admi-

nistrativo e do trámite de información pública, intégranse no proxecto expropiatorio modificado datado en outubro de 2013.

A resolución aprobatoria notificarase ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran no expediente expropiatorio, conferíndoselles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. En tal caso, se dará traslado do expediente e da folla de aprezo impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para que fixe o prezo xusto de acordo cos criterios establecidos na lexislación vixente. Se as persoas interesadas non formularan oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que conste no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade.

A respecto dos mutuos acordos producidos entre as persoas expropiadas e a entidade beneficiaria, entenderase que, convidados os termos da adquisición amistosa, darase por concluído o expediente de prezo xusto a respecto das parcelas afectadas.

Finalmente, o acordo de aprobación definitiva do expediente expropiatorio por taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados e o pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos nº. 6, 7 e 8 da LEF, sen prexuízo de que, de ser o caso, continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto (agás no suposto de adquisición por mutuo acordo).

IV. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo, en virtude do disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL, a Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU (art.10º.1 dos Estatutos da XMU).

Por canto antecede, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUITE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Estimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. Regina Hermida Alonso, afirmando actuar en representación de D<sup>a</sup>. Regina Alonso Campos, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 23.01.2013 (doc. 130008411), por D. José Ángel, D. Francisco, D. Indalecio e D<sup>a</sup>. Concepción Alonso Amoedo, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 14.02.2013 (doc. 130018918) e por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Fernández Rodríguez, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 19.02.2013 (doc. 130020612), no senso exposto no informe do día 24.10.2013 da Xefa de Planeamento e Xestión.

**SEGUNDO:** Estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. Carlos Fernández Docampo, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 19.02.2013 (doc. 130020611) e por D<sup>a</sup>. Ángeles Conde Trillo, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 06.03.2013 (doc. 130027117), no senso exposto no informe do día 24.10.2013 da Xefa de Planeamento e Xestión.

**TERCEIRO:** Desestimar as alegacións presentadas D<sup>a</sup>. Purificación Bacelar González, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 07.03.2013 (doc. 130027468) e D. Pedro Álvarez González, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 08.03.2013 (doc. 130028109) e 13.03.2013 (doc 130029584), de acordo co informe proposta supra transcrito.

*CUARTO: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio tramitado polo procedemento de taxación conxunta da Actuación Illada número 1 «Subestación de Balaidos» do PXOM de Vigo, de conformidade co documento elaborado da Oficina de Planeamento – Xestión datado en outubro de 2013. Esta aprobación definitiva implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, aos efectos previstos no artigo 144 da LOUGA. En consecuencia, o pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da LEF.*

*QUINTO: Notificar o presente acordo á Fiscalía da Audiencia Provincial, aos efectos establecidos no artigo 5 da LEF, en relación cos propietarios descoñecidos e individualizadamente ás personas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran no expediente, conferíndoselles aos expropiados que non acadaran un mutuo acordo coa beneficiaria, un prazo de vinte días contado dende o seguinte a súa notificación, durante o que poderán manifestar por escrito perante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente definitivamente aprobado e comunicarlles que, en tal caso, se dará traslado do expediente e da folla de prezo xusto impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, aos efectos da fixación do prezo xusto que, en todo caso, se fará de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente. De non formular oposición á valoración no prazo de vinte días, se entenderá aceptada a valoración fixada no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade.*

*SEXTO: Notificar o presente acordo a Unión Fenosa Distribución, S.A., na súa calidade de beneficiaria, ins-tándolle a que achegue un exemplar dos mutuos acordos acadados coas persoas expropiadas e lembrarlle que, de acordo coas estipulacións contidas no convenio urbanístico orixe do presente expediente expropiatorio, no caso de que o custe da expropiación resultase inferior ao que figura na estipulación primeira do referido convenio urbanístico, a beneficiaria deberá aboar a diferenza ao Concello de Vigo, cantidade que destinará aos fins do patrimonio municipal de solo. Notificaráselle, así mesmo, á mercantil “General de Edificios y Solares, S.L.” que figura como asinante do referido convenio urbanístico.*

*SÉPTIMO: Publicar o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, xunto coa relación definitivamente aprobada de titulares e parcelas afectadas, no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial de Pontevedra, no tablón de edictos do Concello de Vigo e na páxina web municipal, significándose que contra o mesmo cabe interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun mes dende o día seguinte a súa notificación ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da súa notificación, consonte aos artigos 8.1 e 46.1 da LXCA, sen prexuízo do exercicio das accións legais que estimen pertinentes.*

*Non obstante o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime convinte.*

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 15.11.13, acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**28(1294).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “MONTAXE E DESMONTAXE DE INSTALACIÓNS DE ALUMEDO PÚBLICO ORNAMENTAL DE NADAL 2013-2014”. EXPTE 15013/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 13.11.13, conformado polo xefe dos Servizos Enerxéticos e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra MONTAXE E DESMONTAXE DE INSTALACIÓNS DE ALUMEDO PÚBLICO ORNAMENTAL DE NADAL 2013-2014.

2º.- Nomear como coordinador de seguridade e saúde a D. ELÍAS GONZÁLEZ ROMA (ENMACOSA), co D.N.I. 35479713-M, arquitecto técnico do Colexio Oficial de Aparelladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros da edificación de Pontevedra, nº de colexiado PR-925.

**29(1295).- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIAS DE CARREIRA, DE DOCE ADMINISTRATIVAS DE ADMÓN. XERAL POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, OEP 2010-2011. EXPTE. 24604/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 14.11.13, conformado pola xefa do Servizos de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Nomear funcionarias de carreira, con cargo a praza vacante de administrativo/a de administración xeral pola quenda de promoción interna, ás seguintes aspirantes propostas polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición coas seguintes puntuacións:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
OSORIO CALLES	ANA	35306090D	21,313
ACHA VÁZQUEZ	MARÍA LUISA	35464857F	20,971
MÉNDEZ LEMA	NURIA	36116566B	20,708
LANDÍN LORENZO	MARÍA ÁNGELES	36091654P	20,658
JORGE GARCÍA	MARÍA MARGARITA	36112727J	19,571
JORGE GARCÍA	MARÍA ISABEL	52483511H	19,567
ABALDE POSADA	JUANA	36042156Y	18,795
MOSQUERA GONZÁLEZ	ANTÍA	36159127E	18,300
PEREIRA ANTONIO	MILAGROS	34870313J	17,500
ABALDE POSADA	OLGA	36049993T	17,333
VILLAR GONZÁLEZ	Mª. BEGOÑA	36044028S	16,875

GARCÍA GUNTIÑAS	MÓNICA	36078735S	15,550
-----------------	--------	-----------	--------

Os presentes nomeamentos únicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarias de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

SEGUNDO.- O presente acordo notifíquese ás interesadas, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e xefe/a do servizo ao que se adscriba a praza.

30(1296).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.